Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 33



Se considerará que as ofertas presentan valores anormais ou desproporcionados no caso de que a cuantía sexa inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas admitidas.

Para a valoración do prezo únicamente se terán en conta as ofertas con valores anormais ou desproporcionados que previa xustificación dos mesmos foran admitidas polo órgano de contratación.

11. GARANTIA PROVISIONAL

De conformidade co artigo 103 da TRLCSP, non se esixe garantía provisional.

12. MESA DE CONTRATACIÓN.

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, **polo menos, catro vogais**, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- D. José C. López Campos, Alcalde-Presidente do Concello da Estrada, ou persoa que legalmente a substitúa, que actuará como Presidente da mesa.
- D^a. Lucía Artime Alonso, vogal (secretaria da corporación) ou persoa que legalmente a substitúa.
- D^a. Ana Vigo Fariña, vogal (interventora da corporación) ou persoa que legalmente a substitúa, vogal.
- D. Juan Constenla Carbón, 1^º Tte. Alcalde, vogal.
- Un concelleiro do grupo municipal socialista a designar polo grupo PsdG-PSOE, vogal.
- O Concelleiro do grupo municipal BNG, vogal.





- A concelleira do grupo municipal MOVETE, vogal.
- D. Daniel Orrea Corral, arquitecto Técnico Municipal, vogal.
- D^a Mónica Neira Mato, Arquitecta municipal, vogal
- Un funcionario municipal, que actuará como Secretario da mesa.

13.- APERTURA DAS PROPOSICIÓN

A cualificación da documentación achegada no Sobre A efectuarase pola Mesa de Contratación en acto non público de acordo coas seguintes formalidades:

- O/a Presidente/a ordenará a apertura do sobre e a Secretaria certificará a relación de documentos que se inclúen no mesmo.
- Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables comunicaraos ós interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles ós licitadores para que corrixan ou emenden os erros ante a propia mesa de contratación. O cómputo do citado prazo iniciárase no momento en que o licitador reciba a comunicación.
- Unha vez cualificada a documentación e emendados no seu caso, os defectos ou omisións de que adoeceía, a Mesa declarará expresamente os licitadores admitidos e os rexeitados con indicación das causas de rexeitamento, circunstancia que se notificará ós licitadores rexeitados ós efectos oportunos.
- No caso de non existir subsanación algunha, pode proceder a apertura do sobre C de xeito inmediato, sempre que se de conta desta posibilidade no anuncio de convocatoria da Mesa de Contratación no perfil do contratante

Procederáse despois á apertura e exame dos sobres «C», que conteñen os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.

Logo da lectura das devanditas proposicións, a mesa poderá solicitar todos os informes técnicos que considere precisos para a valoración delas de acordo cos criterios e coas ponderacións establecidas neste prego.

Obrigatoriamente, cando se lles atribúa aos criterios avaliábeles de forma automática por aplicación de fórmulas unha ponderación inferior á correspondente aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, deberá constituírse un comité que conte cun mínimo de tres membros, formado por expertos non integrados no órgano proponente do contrato e con cualificación apropiada, ao que lle corresponderá realizar a





avaliación das ofertas conforme estes últimos criterios, ou encomendarlle esta avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

Unha vez reunida de novo a mesa de contratación, darase a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor. Despois procederase á apertura dos sobres «B».

Á vista da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobre «C») e dos criterios cuxa ponderación é automática (sobre «B»), a mesa de contratación propoñerá o licitador que presentase a oferta no seu conxunto máis vantaxosa, clasificando, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes.

No caso de empate entre dous ou mais contratistas, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores minusválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP. De persistir o empate resolverase en favor do contrastista que obtivera máis puntuación no prezo, e de persistir o empate, resolverase o mesmo por sorteo.

14.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN:

A clasificación realizada pola Mesa de Contratación remitirase ao Órgano de contratación con proposta de adxudicación a favor do contratista que presentara o oferta mais vantaxosa e incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos.

A dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ao Concello (art. 160.2 TRLCSP). O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste PCAP.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.





15. GARANTÍA E OUTROS REQUISITOS PREVIOS Á ADXUDICACIÓN.

O licitador que fora obxecto da “Proposta de adxudicación” será requirido para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte en que recibira a notificación, presente a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE CUMPLIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS:

De conformidade con art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores), deberá presentar toda a documentación que declarou posuír mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

DOCUMENTACIÓN NECESARIO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

O licitador deberá presentar a documentación prevista no artigo 151 do TRLCSP, entre a que se atopa, a xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social na forma e alcance prevista nos artigos 13 a 15 do RD 1098/2001, incluíndo o relativo ó Imposto de Actividades Económicas.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Polo que respecta á acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa entidade local, esta será comprobada de oficio polo propio Concello mediante Informe emitido pola súa Tesourería, e que será unido ao expediente.

Asemade, deberá aportar xustificante de ter constituída a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

O importe da **garantía definitiva será o 5 % do importe da adxudicación do contrato, excluído o IVE**, por calquera dos medios aos que se refire o art. 96 do TRLCSP e presente a documentación xustificativa de habela constituído.

Responderá esta garantía do adecuado cumprimento polo contratista das súas obrigacións, ata o remate do período de garantía do contrato, incluíndo as consideracións feitas a este respecto nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Se o licitador proposto non aportara a documentación no prazo que se lle dera para facelo, entenderase que retirou a súa oferta, e procederase a recadar a mesma





documentación ao licitador seguinte segundo a orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

16. ADXUDICACIÓN

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adxudicatario determinantes de que sexa seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presenten os restantes licitadores cuxas ofertas sexan admitidas.
- Na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios previstos no artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 41.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, será de dez días.

17. DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase, dado que estamos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación **transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.**





O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxo recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, sendo da súa conta os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

18. GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO

Sen prexuízo doutros que puideran corresponderlle, serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos e obrigacións:

- a) Os gastos de publicación que puidera xerar o procedemento.
- b) Os tributos estatais, autonómicos e municipais que puideran derivarse do contrato.
- c) Asumir o pago do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.
- d) No seu caso, os de formalización do contrato en escritura pública, segundo o sinalado nestes Pregos.
- e) Xestionar cantas autorizacións ou permisos administrativos ou doutro tipo puideran ser necesarios para a execución completa do obxecto do contrato, debendo abonar á súa costa tódolos gastos que se devenguen para a xestión das devanditas autorizacións ou permisos. Figurará como titular da autorización o Concello, ou persoa que este designe.
- f) Obrigacións de Información e publicidade: O adjudicatario do contrato deberá cumprir coas obrigas de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2. do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013.





19. RESPONSABLE DO CONTRATO

De conformidade co previsto no artigo 52 do TRLCSP, con obxecto de supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, o Concello poderá nomear un responsable do contrato.

20. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO

O contratista non poderá ceder os dereitos dimanantes do contrato, nin tampouco subcontratar parte algunha deste contrato, sen obter previamente a autorización do Concello, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 e 227 do TRLCSP.

O contratista está obrigado a abonar o prezo pactado aos subcontratistas, dentro dos prazos e con arranxo ás condicións establecidas no artigo 228 do TRLCSP.

21. EXECUCIÓN DO CONTRATO

O contrato deberá executarse con estrita suxeición a estes Pregos, e ás instrucións que en interpretación dos mesmos poda ditar o Concello. Asemade, executarase co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas e ao resto da normativa que lle sexa de aplicación.

A execución do obxecto contractual comezará na data sinalada no documento de formalización. De non especificarse no mesmo, a data de inicio será precisamente a do documento de formalización.

De apreciarse pola Administración unha incorrecta execución do contrato, requirirá ao contratista (pudendo este manifestar o que estime oportuno) para que proceda á súa subsanación no período de tempo oportuno. Superado o mesmo, aplicarase o réxime de demora na execución previsto nos artigos 212 e seguintes do TRLCSP.

Non existirá vinculación ou relación laboral ou similar de ningún tipo entre o persoal do contratista e o Concello.

22. RECEPCIÓN DO CONTRATO

Dentro do mes seguinte á finalización do contrato, incluída no seu caso a mellora dos seis meses, realizarase un documento de recepción e conformidade cos traballos, de





conformidade co artigo 222.2 do TRLCSP. Formalizarase unha acta, e se os traballos non foron executados axeitadamente, farase constar na acta.

Será a partires deste momento no que comezará a contar o periodo de garantía.

23. PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía terá unha duración mínima de un (1) ano a contar dende a sinatura da acta de recepción e conformidade cos traballos feitos.

24. LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA

Transcorrido o prazo de garantía, o Concello, a instancia do contratista, procederá á liquidación do contrato e, se procede, á devolución ou cancelación da garantía.

No caso de que se apreciasen deficiencias na prestación, o Concello procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación. Para isto, concederalle un prazo, durante o que o contratista continuará encargado de realizar os traballos, e sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía.

25. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO


Serán as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos nos seus artigos 225 e 309.

26. RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato ten carácter administrativo e, ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación reguladora dos contratos das Administracións Públicas e ás súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de Dereito Administrativo; e, no seu defecto, as normas de Dereito Privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo Concello, poñendo as súas Resolucións fin á vía administrativa. Contra estas, caberá a interposición de recurso potestativo de reposición, ou de recurso contencioso-administrativo, segundo o regulado na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común en a Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto, sen prexuízo da





interposición de calquera outro recurso que o recurrente estime oportuno e sexa aceptable en Dereito.

Os litixios serán vistos polos xulgados ou tribunais que sexan competentes en razón do domicilio da Corporación.

O Alcalde

Documento asinado electronicamente á marxe

ANEXO I.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña., con DNI en nome propio ou en representación da empresa con CIF, manifesta a súa vontade de participar no procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada (SARA) para o servizo de **"APOIO Á COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMENTO E MONITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DUSI "A ESTRADA SOCIAL Y SOSTENIBLE 2020" LOTE n.º.....**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.- Que cumpre todos os requisitos previos esixidos polo punto primeiro do artigo 146 do do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato antedito, en concreto, os seguintes:

- 1.- Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta como lei de contrato.
- 2.- Que cumpre coas condicións establecidas legalmente no TRLCSP para contratar co Concello da Estrada, ostentando plena capacidade xurídica e de obrar e , de ser o caso, ten poder bastante para representar a empresa neste procedemento de contratación.
- 3.- Que cumpre cos requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional esixidos para contratar coas Administracións Públicas.
- 4.- Que non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
- 5.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado e o Concello da Estrada e fronte á Tesourería da Seguridade Social.
- 6.- Que ten a clasificación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas e que está vixente á data de presentación da oferta, sendo esta: Grupo Subgrupo Categoría (a cubrir só no caso de que se esixa clasificación conforme aos Pregos Administrativos).

No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato, cuxo importe non exceda do 50% do prezo do contrato, teña que ser realizada por empresas





especializadas cunha determinada habilitación ou autorización profesional, a mercantil declara que suplirá a clasificación no subgrupo correspondente a dita especialización subcontratando a execución desta parte con outros empresarios que dispoñan da habilitación e no seu caso, clasificación necesaria.

7.- No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

8.- Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente, no caso de que o Concello decida facelo mediante este medio, sendo o mesmo o seguinte:

9.- Que acepta o fax como medio de notificación das actuacións que resulten necesarias para a negociación, sendo o mesmo o seguinte:

10.- No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, comprométese a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

Segundo.- Que se compromete, no caso de que a súa oferta resulte máis vantaxosa, a presentar, previamente a adxudicación do contrato, os documentos aos que se fai referencia no punto primeiro desta declaración e que sinalen os pregos que re xen esta contratación.

E para que así conste, asina esta declaración na Estrada, a __ de ____ de 20__





ANEXO II

"CONTRATACIÓN DO SERVIZO de "APOIO Á COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMIENTO E MONITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DUSI "A ESTRADA SOCIAL Y SOSTENIBLE 2020"

ORZAMENTO DE LICITACIÓN TOTAL: 484.000,00 €, IVE engadido

- **Valor estimado do LOTE n.º 1:** 242.000,00 € IVE engadido.
Orzamento base de licitación LOTE n.º 1: 50.000,00 euros/ano, mais 10.500,00 euros de IVE (durante catro anualidades)
- **Valor estimado LOTE n.º 2:** 242.000,00 € IVE engadido
Orzamento base de licitación LOTE n.º 2: 50.000,00 euros/ano, mais 10.500,00 euros de IVE (durante catro anualidades)

CRITERIOS DE VALORACIÓN LOTE n.º 1: Servizo de apoio á coordinación, xestión, control, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) "A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)"

Recóllense no cadro seguinte os parámetros avaliábles para a contratación, así como a puntuación máxima a outorgar a cada un deles.

PARÁMETROS AVALIABLES SOBRE B: CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO (60 puntos) -ver cadro adxunto-.

PARÁMETROS AVALIABLES SOBRE C: CRITERIOS SUBJECTIVOS; NON AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO (40 puntos)

C.1. Memoria (25 puntos)

- Descrición detallada da organización do servizo que se ofrece, que reflexe as características, determinacións ou modelos das distintas actividades que se deben levar a cabo para a





- execución do contrato.
- Descrición da organización funcional e distribución dos medios técnicos e humanos, incluíndo, cando menos:
- 1.- Identificación do responsable da empresa a efectos deste contrato e a relación nominal de cada persoa adscrita ao contrato.
 - 2.- Tarefas a desenvolver por cada persoa que interveña no contrato e a porcentaxe da súa xornada que vai a dedicar ao mesmo. laboral
 - 3.- Asignación dos medios da empresa á execución do contrato.

C.2. Memoria na que se describa a Metodoloxía a utilizar (15 puntos)

- Detalle da documentación de base que se terá en conta para o asesoramento no cumprimento da normativa europea de fondos estruturais e específica dos programas a desenvolver
- Esquema do método a seguir en relación ao seguimento das actuacións e estratexias específicas de información e publicidade requiridas para os proxectos financiados a cargo a fondos europeos (DUSI).
- Metodoloxía de soporte no cumprimento dos requirimentos de participación esixidos polo programa DUSI.
- Esquema da documentación e método que se utilizarán para o seguimento da xestión da documentación administrativofinanciera do programa.
- Metodoloxía e detalle de documentación de base a utilizar para dar soporte nas funcións e requirimentos de seguimento esixidos ao Concello da Estrada pola súa condición de beneficiaria de fondos FEDER.
- Método para a definición e soporte na implantación do modelo de goberno de a estratexia DUSI.
- Detalle das actividades de transferencia de coñecemento e metodoloxías ao equipo de xestión do programa.





Una manera de hacer Europa

Fondo Europeo
de Desarrollo Regional (FEDER)



Unión Europea

Parámetro - DESCRIPCIÓN CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO (60 puntos)	Puntuación máxima
Prezo. - Corresponderalle a máxima puntuación á oferta máis económica, puntuándose as demais de xeito proporcional, de acordo coa fórmula que de seguido se expon: Sendo, OLic: Oferta económica do licitador OMed: Media aritmética das ofertas presentadas e admitidas UTm: Umbral de temeridade, neste caso, importe inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas e admitidas. UTm=90%×OMed PLic: Puntuación licitador T1: Puntos correspondentes ao primeiro tramo de valoración T1 =95 % × PuntosMax T2: Puntos correspondentes ao segundo tramo de valoración T2 = PuntosMax - T1 Establécense os seguintes tramos de valoración: 1- Se (OLic ≥ UTm), puntuarase conforme ao seguinte: PLic= Utm/OLic x T1 2- Se (OLic < UTm) e se estimase admisible, a oferta valorarase do seguinte xeito: PLic= T1 +T2 x (1 -OLic/UTm)	40
Prazo Extra para a xustificación da estratexia DUSI ante a UE- Outorgaranse 20 puntos a aqueles licitadores que ofrezan un prazo de seis meses extra na duración do contrato, sen que supoña un incremento no prezo do contrato, a efectos de asesoramento na xustificación da Estratexia DUSI ante a UE	20



Cod. Validación: 64HD3A6GM7N7KYA5YKGTMSW6G | Corrección: <http://sestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 33



CRITERIOS DE VALORACIÓN LOTE n.º 2: Servizo de apoio técnico na definición e o desenvolvemento das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) "A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)"

PARÁMETROS AVALIABLES SOBRE B: CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO (60 puntos) -ver cadro adxunto-

PARÁMETROS AVALIABLES SOBRE C: CRITERIOS SUBXECTIVOS: NON AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO (40 puntos)

C.1. Memoria (25 puntos)

- Descrición detallada da organización do servizo que se ofrece, que reflexe as características, determinacións ou modelos das distintas actividades que se deben levar a cabo para a execución do contrato.

- Descrición da organización funcional e distribución dos medios técnicos e humanos, incluíndo, cando menos:

1.- Identificación do responsable da empresa a efectos deste contrato e a relación nominal de cada persoa adscrita ao contrato.

2.- Tarefas a desenvolver por cada persoa que interveña no contrato e a porcentaxe da súa xornada laboral que vai a dedicar ao mesmo.

3.- Asignación dos medios da empresa á execución do contrato.

4.- Currículo, titulación e experiencia profesional de cada persoa que interveña no contrato

C.2. Memoria na que se describa a Metodoloxía a utilizar (15 puntos)

• Detalle da documentación de base que se terá en conta para o asesoramento técnico no cumprimento da normativa europea de fondos estruturais e específica do programa

• Esquema do método a seguir en relación ao seguimento das actuacións e estratexias específicas de información e publicidade requiridas para os proxectos financiados a cargo a fondos europeos (DUSI).

• Metodoloxía de soporte no cumprimento dos requirimentos de participación esixidos polo programa DUSI.

• Esquema da documentación e método que se utilizarán para a elaboración dos Plans seguintes:

- Plan Director de Sistemas
- Plan de Movilidade Urbana Sostible (PMUS)
- Plan de Accesibilidade
- Plan de Turismo





Una manera de hacer Europa
Fondo Europeo
de Desarrollo Regional (FEDER)



Unión Europea

- Detalle das actividades de transferencia de coñecemento e metodoloxías ao equipo de xestión do programa.



Cod. Validación: 54HD3A6GM7N7KYA5YKGTMSW6G | Corrección: <https://sestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 32 a 33



Una manera de hacer Europa

Fondo Europeo
de Desarrollo Regional (FEDER)



Unión Europea

Parámetro - DESCRIPCIÓN CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO (60 puntos)	Puntuación máxima
Prezo. - Corresponderalle a máxima puntuación á oferta máis económica, puntuándose as demais de xeito proporcional, de acordo coa fórmula que de seguido se expon: Sendo, OLic: Oferta económica do licitador OMed: Media aritmética das ofertas presentadas e admitidas UTm: Umbral de temeridade, neste caso, importe inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas e admitidas. UTm=90%×OMed PLic: Puntuación licitador T1: Puntos correspondentes ao primeiro tramo de valoración T1 = 95 % × PuntosMax T2: Puntos correspondentes ao segundo tramo de valoración T2 = PuntosMax - T1 Establécense os seguintes tramos de valoración: 1- Se (OLic ≥ UTm), puntuarase conforme ao seguinte: PLic= Utm/OLic x T1 2- Se (OLic < UTm) e se estimase admisible, a oferta valorarase do seguinte xeito: PLic= T1 +T2 x (1 -OLic/UTm)	40
Aumento das reunións mensuais previstas no PPT, de seguemento do avance dos traballos ao longo da duración de todo el contrato - Outorgaranse 20 puntos a aqueles licitadores que ofrezan unha reunión cada 15 días ao longo da duración do contrato, para o seguemento do avance dos traballos da estratexia DUSI nas oficinas do Concello da Estrada	20



Cod. Validación: 64H03A6GM7N7KYAS9KGTWSW6G | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 33